



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Expediente: Contratación servizo axuda no fogar
Procedemento/ Forma: Aberto con multiplicidade de criterios

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar

Jesús Sanjuás Mera, alcalde do Concello de Boqueixón, con relación ó expediente tramitado para a adxudicación do contrato de axuda no fogar e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES:

1 Que na Xunta de Goberno do día 8 de xaneiro de 2015 acordouse iniciar a contratación do servizo de axuda no fogar mediante o procedemento aberto con multiplicidade de criterios

2 Que no prazo de presentación de ofertas presentáronse as seguintes empresas:

Núm. orde	Data presentación	Empresa	Núm. de rexistro
1	04/02/2015	Servizos Sociais Ulla Sar, SL	15/203
2	03/02/2015	Atendo Calidade,SL	15/191
3	04/02/2015	Barti Servicios 2009,SL	15/211
4	04/02/2015	Marine Bos Aires, SL	15/207
5	30/01/2015	Servizos Sociais a Comunidade,SL	15/153
6	03/02/2015	Servital Servicios Sociosanitarios, SL	15/192
7	03/02/2015	Pedroso y Rojas,SL	15/195
8	04/02/2015	Clece,SA	15/210
9	04/02/2015	Primosa Servizos Integrais, SL	15/213

3 Que con data 19 de febreiro de 2015, a mesa de contratación procedeu coa apertura dos Sobres A (documentación xeral) admitíndose tódalas empresas por ser correcta toda a documentación presentada.

4 Que con data 26 de febreiro de 2015, reúnese novamente a mesa de contratación para a apertura dos Sobres B (Referencias Técnicas). Nesta mesa, ademais de tódolos seus membros participaron as tres traballadoras sociais (comité de expertas) previamente designadas e propostas polo Colexio oficial de Traballo Social de Galicia.

Unha vez examinada a documentación técnica presentada polas empresas, a mesa de contratación, de acordo coas traballadoras sociais, decide excluír á empresa CLECE,SA por non estar debidamente paxinado o proxecto técnico, polo que non cumpre os requisitos esixidos no prego de cláusulas de prescricións técnicas, concretamente no apartado ANEXO I, (proxecto técnico do servizo) que sinala: o documento do proxecto deberá estar paxinado e contar cun índice no seu inicio.

Unha vez abertos os sobres B e selados pola mesa de contratación, as traballadoras sociais proceden coa valoración dos proxectos presentados, e outorgan as seguintes puntuacións detalladas segundo os criterios:

- a) os recursos humanos e materiais , organización, coordinación e control da calidade, contextualización do SAF dentro do sistema de servizos sociais e adecuación á realidade do municipio
- b) as melloras

Valoración proxecto técnico, que depende dun xuízo de valor:

Crterios	Atendo Calidade, SL	Servital, SL	Pedrosa y Rojas, SL	SS Ulla Sar, SL	Pimosa, SL	Marine Bos Aires,SL	SS.SS á Comuni dade,SL	Barti Serv,SL
Empresas								
R. Humanos	12.0	11.0	10.5	9.5	9.0	2.5	1.5	3.5
R. Materiais	6.5	6.5	6.5	5.5	8.0	1.5	5.0	5.5
Org. Coord. e control calidade	19.0	19.5	19.0	11.0	4.0	3.5	4.0	4.5
Context.do SAF	6.0	3.0	3.0	4.0	1.0	0.0	0.0	1.0
Sub- Total	43.50	40.00	39.00	30.00	22.00	7.50	10.50	14.50
Melloras	27.00	27.00	27.00	16.00	11.00	17.00	7.00	3.00
Total	70.50	67.00	66.00	46.00	33.00	24.50	17.50	17.50

5 Con data 13 de marzo de 2015, a mesa de contratación procede coa apertura dos Sobres C (Oferta económica), de valoración automática na que se valoran:

a) prestación específica complementaria, a razón de 0.10 puntos para cada hora anual ofertada para fisioterapia, podoloxía, apoio psicoterapéutico, actividades terapéutico-ocupacionais e actividades formativas. Ata máximo de 12 puntos.

b) servizo de transporte adaptado, a razón de 0.25 puntos por cada servizo de transporte ó ano. Ata máximo de 8 puntos.

Neste apartado, tendo en conta que hai empresas que ofertaron o servizo de transporte por horas e non por ano, a mesa doulle 0 puntos.

**CRITERIOS AVAILABLES DE FORMA AUTOMÁTICA
MÁXIMO 20 PUNTOS**

EMPRESAS	PREST. ESPEC. COMPLEMENTARIAS MÁXIMO 12 PUNTOS			SERVIZO DE TRANSP. ADAPTADO MÁXIMO 8 PUNTOS			SUMA TOTALES
	0,10 hora/ano			0,25 servizo/ano			PUNTUACIÓN
	N. horas	Puntos	Total	N. servizos	Puntos	Total	
Servizos Sociais Ulla Sar, SL	144,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Atendo Calidade,SL	120,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Barti Servicios 2009, SL	48,00	0,10	4,80	0	0,25	0,00	4,80
Marine Bos Aires, SL	190,00	0,10	12,00	6	0,25	1,50	13,50
Servizos Sociais á Comunidade,SL	224,00	0,10	12,00	0	0,25	0,00	12,00
Servital Servicios Sociosanitarios, SL	120,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Pedrosa y Rojas, SL	120,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Pimosa Servicios Integrais,SL	30,00	0,10	3,00	15	0,25	3,75	6,75

6 Á vista da totalidade das puntuacións obtidas, a mesa de contratación propón ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa Atendo Calidade, SL por considerala a oferta máis vantaxosa.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira - En cumprimento do establecido no art. 151 do TRLCSP, a Xunta de Goberno na sesión realizada o día 19 de marzo de 2015, clasifica as ofertas presentadas resultando a puntuación que a continuación se detalla:

Valoracións Sobres B - Referencias Técnicas	Atendo Calidade, SL	Servital, SL	Pedrosa y Rojas, SL	SS Ulla Sar, SL	Pimosa, SL	Marine Bos Aires,SL	SS.SS á Comunidade,SL	Barti Serv,SL
R. Humanos	12.0	11.0	10.5	9.5	9.0	2.5	1.5	3.5
R. Materiais	6.5	6.5	6.5	5.5	8.0	1.5	5.0	5.5
Org. Coor. e control calidade	19.0	19.5	19.0	11.0	4.0	3.5	4.0	4.5

Context.do SAF	6.0	3.0	3.0	4.0	1.0	0.0	0.0	1
Sub- Total	43.50	40.00	39.00	30.00	22.00	7.50	10.50	14.50
Melloras	27.00	27.00	27.00	16.00	11.00	17.00	7.00	3.00
Total Sobre B	70.50	67.00	66.00	46.00	33.00	24.50	17.50	17.50
Sobres C Ofertas económicas	Atendo Calidade, SL	Servital, SL	Pedrosa y Rojas, SL	SS Ulla Sar, SL	Pimosa, SL	Marine Bos Aires,SL	SS.SS á Comuni dade,SL	Barti Serv,SL
Prestac. Espec.	12.0	12.0	12.0	12.0	3.0	12.0	12.0	4.80
Serv. Transp.	8.0	8.0	8.0	8.0	3.75	1.50	0.0	0.0
Total Sobre C	20.0	20.0	20.0	20.0	6.75	13.50	12.0	4.80
TOTAIS Suma B+C	90.50	87.0	86.0	66.0	39.75	38.0	29.50	22.30

Segunda - Solicitar á empresa de maior puntuación a documentación que o apartado 2 do citado artigo esixe para proceder coa adxudicación definitiva. A empresa achega toda a documentación o día 26 de marzo de 2015.

Terceira - Tendo en conta que se trata dun contrato por importe superior ós 207.000 euros, incluído nas categorías 17 a 27 do Anexo II da citada lei de contratos, a adxudicación definitiva debe ter lugar dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida ó adxudicatario, pero o contrato non debe formalizarse antes de que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos, tal como así se establece no art. 156.3 do TRLCSP.

Á vista de todo isto, RESOLVO:

1 Aceptar a proposta da adxudicación efectuada pola mesa de contratación e en consecuencia adxudicar definitivamente o contrato á empresa Atendo Calidade,SL coas seguintes condicións:

a- O prezo da prestación do servizo serán os especificados na súa oferta económica que coinciden cos prezos base de licitación:

Prezo ordinario de dependencia e libre concorrência: 13.48 €/hora (IVE excluído)

Prezo extraordinario de ambos servizos: 14.25 €/hora (IVE excluído)

b- A empresa deberá prestar os seguintes servizos sen ningún custo a maiores para o concello nin para os usuarios:

Horas anuais prestacións específicas: 120 horas anuais

Servizos de transporte adaptado: 32 servizos/ano


2 A formalización do contrato en documento administrativo non se realizará ata que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos, segundo consta no art. 156.3 do TRLCSP

3 Notificar á empresa CLECE,SA que foi excluída do procedemento de licitación por presentar o proxecto técnico incluído no sobre B (Referencias Técnicas) sen paxinar, incumpríndose o establecido no Anexo I do prego de condicións técnicas que rexeron a contratación.

4 Notificar esta resolución a tódalas empresas que se presentaron a esta licitación.

Boqueixón, 27 de marzo de 2015.

O alcalde



Xesús Sanjuás Mera